



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE SETEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezanove de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de setembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 23 de agosto de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Coopera Galicia Entidades Locais 2016 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 174, do 13 de setembro de 2016).

- Escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/7740 o día 14 de setembro de 2016, do concelleiro e voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Manuel Rivas Caridad, no que comunica a súa ausencia do termo municipal do 22 ao 29 de setembro de 2016, ambos incluídos.

- Anuncio do Servizo de Xestión Tributaria, Tesourería e Xestión de Tributos, da Deputación Provincial da Coruña, respecto da exposición pública dos padróns fiscais 2016 do IBI e IAE, dos concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria, dende o día 15 de setembro ata o día



20 de outubro de 2016, ambos os dous incluídos. (Boletín Oficial da Provincia número 175, do 14 de setembro de 2016).

- Orde do 2 de setembro de 2016, da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a programación de accións formativas efectuadas polas entidades colaboradoras desta consellería para a realización de actividades de formación continua en materia de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 175, do 14 de setembro de 2016).

- Resolución do 7 de setembro de 2016, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se amplía o prazo de presentación da documentación xustificativa establecido na Resolución do 19 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 175, do 14 de setembro de 2016).

- Orde do 14 de setembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica o artigo 15 da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2002. (Diario Oficial de Galicia número 176, do 15 de setembro de 2016).

- Orde do 14 de setembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica o artigo 31 da Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 176, do 15 de setembro de 2016).

- Anuncio da Secretaría Xeral, Servizo de Patrimonio e Contratación, da Deputación Provincial da Coruña, de licitación da redacción dos proxectos de "Mellora da intersección da estrada DP 1703, Espírito Santo a Fraís, pq. 2+500, coa estrada AC-214 Guísamo-Sigrás" e "Mellora da intersección da estrada DP 1707, Oleiros a Pravio, pq. 3+600, coa estrada AC-221 S.P. Nós-Mabe. (Boletín Oficial da Provincia número 177, do 16 de setembro de 2016).

- Instrución 3/2016, do 14 de setembro, da Xunta Electoral Central, de modificación da Instrución 6/2011, do 28 de abril, sobre interpretación do artigo 27.3 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, sobre impedimentos e escusas xustificadas para os cargos de presidente e vogal das mesas electorais. (Boletín Oficial do Estado número 224, do 16 de setembro de 2016).



- Corrección de erros. Resolución do 11 de agosto de 2016, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 178, do 19 de setembro de 2016).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Devolución da garantía definitiva, por importe de 2.302,03 euros, á entidade Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., depositada para garantir a execución da obra denominada "Renovación do firme no camiño de Cela-Canal, Cambre" (Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 1/2011). Expediente: 12/7-2 OB

Visto o escrito presentado por don Diego Nieto Barreiro, con DNI 32.814.311-G, en representación de "Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.", con CIF B-15261308 e domicilio na rúa Álvaro Cunqueiro, nº 5- Local 4, 15008 A Coruña, rexistrado ao número 0/7311, con data 21 de agosto de 2015, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva constituída mediante certificado de seguro de caución nº 4.076.788 de data 13 de abril de 2012, da "Compañía de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, S.A." por importe de 2.302,03 euros, depositado na Tesourería municipal o día 13/04/2012 para garantir a execución da obra denominada " Renovación do firme no camiño de Cela-Canal, Cambre", incluída no POS Adicional 1/2011 (Exp. nº 12/7-2 OB.).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data da recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo enxeñeiro de camiños municipal coa data do 14 de setembro de 2015.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 18 de agosto de 2016.

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., no expediente número 12/07-2 OB.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

3.2. Adxudicación do servizo de desbrozo das fincas de titularidade municipal á empresa "Copcisa, S.A.", polo importe ofertado de 7.082,53 euros, IVE incluído

Con data 26 de agosto de 2016, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, emite informe no que se propón a contratación menor para a prestación do servizo de desbrozo das fincas de titularidade municipal, acompañando ao informe a memoria valorada que contén a



descripción dos traballos, presuposto, relación das fincas e planos, por un importe de execución por contrata de 9.671,62 euros IVE incluído (prezo sen IVE: 8.792,38 euros)

Con data 29 de agosto de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación a sete empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, presentando oferta a este procedemento cinco delas, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 7 de setembro de 2016 emitíuse proposta de adjudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a prol da entidade "Copcisa, S.A.", por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 7.082,53 euros, IVE incluído.

A Intervención municipal emitiu documento de retención de crédito de data 17 de agosto de 2016.

Os artigos 111 e 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 14 de setembro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000024.

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o informe-proposta formulado polo enxeñeiro de camiños municipal de data 26 de agosto de 2016, para a contratación da actuación de "Desbrozo das fincas de titularidade municipal", así como a memoria valorada descritiva do servizo, por un importe máximo de execución por contrata de 9.671,62 €, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016/171.21000 (mantemento infraestruturas parques e xardíns).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte. 2016/C002/000024, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Cuarto: Admitir na licitación ás entidades invitadas que presentaron oferta, sendo estas "FORESTAL DE PAZOS, S.L."; "MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO, S.L."; "JARDINERIA ARCE, S.L."; "COPCISA, S.A." e, "ALVAC, S.A."

Quinto: Adjudicar o servizo de desbrozo das fincas de titularidade municipal no prezo ofertado de 7.082,53 euros (IVE engadido), á empresa COPCISA, S.A., con CIF A-08190696 e domicilio na rúa Cabana, 5-1º, 15006 - A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo, único contemplado no expediente de contratación incoado.



A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa	Orde de puntuación
Copcisa, S.A.	1º
Forestal de Pazos, s.L.	2º
Murat Construcción y Mantenimiento, S.L.	3º
Alvac, S.A.	4º
Arce Jardinería	5º

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, á que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar a as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes toman coñecemento das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 ao 15 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais número 1424/2016 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 1460/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1424/2016	09/09/2016	Concesión axuda alimentos a M.C.E.G. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1425/2016	09/09/2016	Concesión tarxeta estacionamento a M.J.A.C.
1426/2016	09/09/2016	Concesión tarxeta estacionamento a V.B.R.
1427/2016	09/09/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local 12 de setembro de 2016
1428/2016	09/09/2016	Rectificación por erro dun recibo do padrón do segundo trimestre de 2016 das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros e devolución do importe aboado en exceso

1429/2016	09/09/2016	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do 14 de setembro de 2016, con carácter supletorio da correspondente ao 31 de agosto de 2016
1430/2016	09/09/2016	Expediente de orde de execución 2014/I002/000149 por estado de finca sita en Fontenla, Cambre
1431/2016	09/09/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000169 por estado de finca sita en Anceis, Cambre
1432/2016	09/09/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000172 por estado de finca sita en Fontenla, Cambre
1433/2016	09/09/2016	Expediente de orde de execución 2014/I002/000133 por estado de finca sita en Meixigo, Cambre
1434/2016	09/09/2016	Compensación de débedas: Helvetia Compañía Suíza, S.A: Taxa servizo de extinción de incendios, emerxencias e outros
1435/2016	12/09/2016	Celebración voda civil de A.A.G. e M.F.V. o 16 de setembro de 2016
1436/2016	12/09/2016	Celebración voda civil de M.J.G.V. e D.V.G. o 17 de setembro de 2016
1437/2016	12/09/2016	Autorización de ocupación de espazo público ao Grupo Municipal BNG na rúa Temple, o día 12 de setembro de 2016
1438/2016	12/09/2016	Finde de surf en Baldaio. Programa ESTE FINDE TEÑO PLAN 2106
1439/2016	13/09/2016	Renuncia axuda lentes correctoras de D.M.C.A.
1440/2016	13/09/2016	Denegación axuda aluguer a M.E.F.V.
1441/2016	13/09/2016	Alta do Concello de Cambre nos Servizos Interactivos Rexistrados dos Rexistradores de Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España e designación de usuarios nos Departamentos de Secretaría (V.M.O.L e M.I.P.F.) e Urbanismo (A.B.C. e J.V.L.)
1442/2016	13/09/2016	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o día 16 de setembro de 2016
1443/2016	13/09/2016	Autorización ao titular da licenza de taxi número 25 para reempresaz o vehículo por outro de nova adquisición
1444/2016	13/09/2016	RCU pola que se concede a Unión Fenosa Distribución, S.A., licenza municipal para executar unha canalización destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita en Sigrás
1445/2016	13/09/2016	RCU pola que se concede a J.M.M. licenza municipal para a instalación dunha tubaxe de recollida de augas pluviais nun camiño público en Bribes
1446/2016	13/09/2016	RCU pola que se concede a Unión Fenosa Distribución, S.A., licenza municipal para a execución dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita en Cecebre

1447/2016	13/09/2016	Estado de abandono de finca e cuberta con maleza sita no Temple Propiedade: J.C.S.R., Herdeiros de J.S.F., Herdeiros de E.R.R. e M.C.S.I.
1448/2016	13/09/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra "A", no panteón central nº 45, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver de C.A.F.
1449/2016	13/09/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra "B", no panteón perimetral nº 2, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver de J.G.D.
1450/2016	13/09/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra "B", no panteón perimetral nº 96, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver de R.L.M.
1451/2016	13/09/2016	Autorización transmisión da concesión do dereito de uso privativo da urna coa letra "C", no panteón perimetral nº 150, no cemiterio municipal de Cambre, a prol de M. J. C. E.
1452/2016	13/09/2016	Conceder licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, pit bull 941000019283009, a T.A.F.
1453/2016	13/09/2016	Conceder licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, american staffordshire 941000018928555, a F.S.A.
1454/2016	13/09/2016	Solicitude de anticipo de 3000 euros
1455/2016	14/09/2016	Concesión axuda material escolar a S.R.R. por importe de 150 euros por cada un dos dous menores sendo o importe total de 300 euros
1456/2016	14/09/2016	Concesión axuda material escolar a A.B.P.S. por importe de 47,15 euros
1457/2016	14/09/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra "A", no panteón perimetral nº 32, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver de C.V.F.L.
1458/2016	14/09/2016	Recurso contencioso-administrativo, Procedemento Abreviado número 0000184/2016. Representación e defensa. Expediente responsabilidade patrimonial 2015/P001/000006
1459/2016	15/09/2016	Colaboración Policía Local nas eleccións ao Parlamento de Galicia 2016
1460/2016	15/09/2016	Corrección da resolución da concelleira delegada da área de protección civil, policía local e sanidade número 1459, do 15 de setembro.

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:



- Mantiveron reunións para tratar os temas a incluír nos vindeiros orzamentos (programa “Decidámolo Xuntos”) coas asociacións de veciños de Bribes e Sigrás.

- Recibiron a visita do presidente da asociación de veciños A Tapia, do Temple, e o da asociación cultural de Andeiro.

- Mantiveron una reunión no salón de plenos cos veciños afectados polas obras de construción das beirarrúas na zona da Casilla.

Dentro da área de Movemento Asociativo dáse conta das seguintes actuacións realizadas pola concelleira dona M^a Dolores Blanca García Fernández:

- O día 11 de setembro achegouse á Asociación da 3^a Idade de Cambre para falar co presidente, o Sr. Moreiras. Estase traballando na solución dos problemas existentes.

- O día 12 de setembro recibiu unha chamada da presidenta da Asociación de Amas de Casa de Cambre, quen lle informou duns problemas que tiña a asociación. Encargouse de darlle traslado ao departamento correspondente.

- O día 13 de setembro recibiu a chamada de dona M^a Antonia de la Peña Casal, da Asociación de veciños do Graxal, dando unhas queixas, que se remitiron ao departamento correspondente.

Pola tarde reunise en Altamira coa presidenta da Asociación de veciños “Virxe de Lourdes”, quen lle informou de que ían facer unha festa do maior e querían recoller produtos non perecedoiros para o Centro de alimentos.

Aproveitando a visita, a presidenta deulle traslado dunha serie de demandas, que foron atendidas e notificadas aos departamentos correspondentes.

- O día 14 de setembro tivo unha reunión cos tres presidentes da Asociación de Andeiro. Tratáronse varios temas e recolléronse varias demandas, que xa foron postas en coñecemento do señor alcalde e departamentos correspondentes.

Tamén recibiu a chamada da presidenta da Asociación de veciños de Pravio, solicitándolle que pasara aviso ao Centro de Alimentos da Barcala, para que pasasen por Pravio a recoller uns produtos, non perecedoiros, da última festa celebrada no lugar.

- O día 15 de setembro tivo unha reunión na Alcaldía co señor alcalde e o presidente da Asociación Cultural de Andeiro, onde se trataron varios temas relacionados coa asociación.

- O día 16 de setembro desprazouse ao local social de Lendoiro – Cecebre, co fin de solicitar tres orzamentos a tres empresas.

- O día 17 de setembro trasladouse ao Club da Chave Amigos da Barcala para facer entrega duns premios, a petición do seu presidente.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio

Don Juan González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:



- O xoves 15 de setembro, ás 10:00 horas, desprazouse ao local social de Sigrás, xunto co arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, onde se reuniu co presidente da asociación de veciños "O Gaiteiro" co fin de tratar o tema da recepción do dito local.

Ás 13:00 horas acudiu a unha reunión da Edusi na Coruña, na que o equipo contratado levou a cabo unha exposición sobre o proxecto. Proximamente virán falar coa Alcaldía para presentarse.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 12 de setembro, ás 9:00 horas, tivo lugar no centro de formación a selección de docentes do vindeiro obradoiro sociosanitario que se vai realizar xunto co Concello de Sada.

- O día 14 de setembro pola tarde asistiu a unha reunión con dúas empresarias do Temple co fin de tratar o tema dun evento comercial que terá lugar os días 3 e 4 de decembro na Casa da Cultura "Vila Concepción", no que participarán máis empresas de Cambre.

- O día 15 de setembro asistiu á inauguración da exposición "As nenas e nenos soldado", na biblioteca central de Cambre.

- O día 16 de setembro levou a cabo a revisión e sinatura de autorizacións para a ocupación de solo polos partidos políticos o día 18 de setembro, domingo de feira, co fin de levar a cabo actos de campaña electoral.

Ese mesmo día, ás 13:00 horas, oficiou unha voda no salón de sesións da casa consistorial.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona M^a Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- O luns 12 de setembro acudiu ao Consello escolar no CEIP Emilio González López de Brexo-Lema.

- O martes 13 de setembro acudiu ao Consello escolar da escola infantil do Temple, Consello escolar da escola infantil da Barcala e Consello intercentros.

- O xoves 15 de setembro acudiu á sala de exposicións da biblioteca central de Cambre, onde tivo lugar a inauguración da exposición "As nenas e nenos soldado", proposta polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que permanecerá aberta dende o día 15 ao 30 de setembro.

Ese mesmo día, ás 21:00 horas acudiu a unha reunión co voluntariado.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:



- O venres 16 de setembro asistiu á inauguración, na Casa da Cultura, da exposición de pintura de Eugenia Cuéllar.

- O sábado 17 de setembro tivo lugar a IV paseo ciclista, organizado pola Peña Ciclista Monte Xalo, con saída dende as portas da casa do concello cara ao paseo fluvial do río Mero.

O mesmo día tivo lugar a festa do Club de Chave da Barcala.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O pasado xoves fixéronlle entrega das chaves do local no que estaba situado o antigo centro de saúde do Temple.

- Pola tarde acudiu á sala de exposicións da biblioteca central de Cambre á inauguración da exposición "As nenas e nenos soldado".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López